

# Novo horizonte para a Escola Galega. Interrogantes... e respostas que demandan acción sindical unitaria

Lois Pérez

Secretaría de Formación e  
Comunicación do STEG

lugo@steg.gal

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 91

Nos últimos tempos, e especialmente a partir de 2009, a adecuación da escola á empresa, a xerarquización e a mercantilización da mesma foron parte da estratexia tripla que acompañou os recortes no ensino público, tamén no galego. E isto deuse nun contexto onde o *coñecemento* vai sendo substituído pola *empregabilidade* e o “capital humano” é considerado o máis importante de entre os factores históricos (terra, capital e traballo) do crecemento económico.

Así as cousas, case ningún dos ideais históricos da esquerda aganchou tampouco nos paradigmas políticos e económicos actuais e menos aínda no inconsciente colectivo (que habélo haino, xaora!) do noso país, ou iso parece. Pouco importaron neste tempo, entre outros: o peche constante das escolas do rural –favorecendo tamén a migración en masa da cidadanía aos grandes núcleos poboacionais-; a privatización de parte dos servizos educativos, incluídos os comedores escolares; o aumento das *ratios*; o recorte brutal do profesorado ou a alarmante diminución nas axudas á normalización do galego. A propia lingua, hoxe agonian-

do nos núcleos urbanos do país –cun rural en vías de extinción-, foi desprezada sistematicamente pola Xunta de Feijóo no sistema educativo, que non ten reparo ao tempo –e constituíndo a metáfora perfecta do desleixo- en traer o caldo cociñado (*calloubeira* ou *caldufada*) importado dende Andalucía para servilo nos comedores escolares.

A sensación é por momentos dunha plácida resignación ao signo dos tempos. Un discreto encanto da normalidade que xa non se atura. Malia todo, parece que no curto prazo haberá unha nova oportunidade de botar abaixo o actual goberno de Feijóo. A experiencia sindical, con matices, déixanos con frecuencia a sensación do verso humorístico de Parra: *a esquerda vencida xamais será unida!* O sindicalismo do ensino galego non é alleo ao que acontece noutros eidos, co pano de fondo do teatro da dereita que, para non saber actuar, defender, deféndese. Co papel protagonista xa decidido, as esquerdas andan enleadas por veren quen di unha frase máis no papel de figurante. A conciencia da *clase traballadora* eslúese, en parte, nun espellismo de *clase consumidora*.

Mais precisamos con urxencia reverter esta situación. A risco de sermos xulgadas de cándidas ou ilusas, precisamos unha verdadeira unidade sindical no ensino que contribúa a unha *efectiva e real mobilización* -non a de ver quen carga con máis estilo o morto para orgullo da parroquia-; constitúe unha obriga ética sermos quen de artellar dende posicións diversas, un *discurso compartido*. A unidade de acción a partir das propias ideas pero tamén das reflexións compartidas é un imperativo que pode contribuír a saírmos desta encrucillada lamacentada do noso país.

Cónstanos que hai moita xente de organizacións diversas e distintas facendo un traballo bo e honesto dende as posibilidades diferentes de cada organización. Percorren as escolas do país, escoitan problemas e buscan solucións, aínda que non sempre as encontran; hai custos persoais que desgastan tamén no debate das ideas para avanzar. Que saberes son precisos para entender o mundo do século XXI e transformalo cara á equidade e cara a un desenvolvemento sostíbel e duradeiro? Cal o camiño para permitir o acceso á meirande parte da poboación? Cal a pedagogía, o discurso e as prácticas, e cales as ferramentas que nos leven a unha escola galega, pública, laica, feminista e inclusiva? Se non nos gusta o que vemos, só temos que cambiálo. Só cómpre algo de unidade. Tamén a sindical. Tan difícil é? ■